



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME DE DÍA 29 DE FEBREIRO DE 2024

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL.....	3
1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTAS DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE 23.01.2024, SESIÓN ORDINARIA DE 30.01.2024 E SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE 07.02.2024.....	4
2.- . MOCIÓN DO BNG: APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DOS COLECTIVOS FEMINISTAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 8-M.....	6
3.- MOCIÓN DO PSdG-PSOE: EN PROL DA IGUALDADE REAL E EFECTIVA NO CONCELLO DE PONTEDEUME.....	9
4.- DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. EXECUCIÓN DO 3º E 4º TRIMESTRE DE 2023.....	16
5.- DACIÓN DE CONTA REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA TIPOS IMPOSITIVOS 2024.....	17
6.- ASUNTOS DE URXENCIA.....	17
7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA-PRESIDENCIA.....	17
8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES,.....	21
9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	22
10.1.- ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG).....	22
10.2 ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP).....	22
REMATE DA SESIÓN.....	25
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	25





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO, DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 29 DE FEBREIRO DE 2023

#### ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana. (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández.(PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro. (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE)

D. Joshua Dopico López. (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal. (PSdeG-PSOE)

D. Luis Pena Mosquera (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro. (PP)

D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e nove de febreiro de dous mil vinte e catro, xúntanse, en sesión extraordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria accidental municipal, que dá fe do acto.

#### Secretaría Accidental:

D<sup>a</sup> María Roca Vázquez

#### Interventora municipal:

D. Lucía Varela Martínez

#### NON ASISTEN:

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera. (PsdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> María Rocío Souto Torre (BNG). Excusa ausencia por motivos laborais

A Presidencia abre a sesión.

Antes de proceder a tratar os asuntos incluídos na orde do día, o Presidente indica que se vai dar lectura á **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 8 MARZO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER "INVESTIR NAS MULLERES ACELERAR O PROCESO**, acordada polos Grupos Políticos Municipais.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía – Presidencia que se transcribe a continuación:

O Pleno do Concello de Ponte deume subscribindo a presente declaración sumase a conmemoración o vindeiro Día 8 de marzo do Día Internacional da Muller, promovido por Nacións Unidas para reflexionar acerca dos avances acadados no ámbito da igualdade de xénero, para pedir máis cambios na sociedade e para celebrar a loita de moitas mulleres.

Aínda que a constitución recoñece e ampara o dereito á igualdade e a non discriminación entre mulleres e homes é unha realidade moi visible que a discriminación salarial, as dificultades que aínda existen para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a escasa presenza de mulleres en postos de responsabilidade e, sobre todo, a violencia de xénero poñen de manifesto ese longo camiño que temos que percorrer.

Ao longo da historia os nosos dereitos avanzaron grazas ao incormismo e á convicción de milleiros de mulleres e asociacións que contribuíron e contribúen a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon e defenden, co seu esforzo e mesmo coas súas vidas, a conquista de novos dereitos.

Baixo o lema “Investir nas mulleres acelerar o progreso”, que con motivo do Día Internacional da Muller Nacións Unidas establece para o vindeiro 8 de marzo,ponse de manifesto a necesidade de acadar a igualdade de xénero e o benestar da muller en todos os ámbitos da vida como única vía posible. Asegurar e garantir os dereitos de mulleres e nenas é a única forma de comprometermos firmemente có desenvolvemento sostible.

O Concello de Ponte deume asume o traballo de facer da igualdade de xénero unha política transversal dende as distintas áreas municipais, formulando medidas concretas que así o evidencien e, polo tanto, apostando por acadar unha igualdade real e efectiva a cada paso máis próxima.

O obxectivo está moi claro: terminar dunha vez por todas coas discriminacións que por razón de sexo poidan darse no noso mundo actual: no traballo, na vida familiar, nos dereitos esenciais, nos espazos de ocio, na escolarización, na participación cidadá, no acceso á vivenda, etc. Non poden xerarse situacións de privilexio en razón do sexo. O sentido de unidade e compromiso ten que ser o garante para a consecución dese obxectivo xeral.

O Concello de Ponte deume para lograr un Concello aberto á igualdade, á multiculturalidade, á diversidade, nunha palabra á convivencia da cidadanía cívica e respectuosa onde a teoría se traduza en feitos declara:

- Que dentro do seu ámbito de actuación e na medida das posibilidades o Concello de Ponte deume potenciará accións positivas para o acceso e mantemento das mulleres no mercado laboral en igualdade de condicións.
- Que apoiará e recoñecerá as convocatorias feministas neste 2024 que sinalan os compromisos incumpridos por diferentes institucións e administracións neste eido.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Que aplicará políticas públicas dende a perspectiva de xénero en cada unha das súas actuacións dende todas as áreas municipais seguindo o principio de transversalidade.
- Fomentará todas aquelas actividades dirixidas a eliminar as desigualdades entre homes e mulleres, aumentando a participación destas últimas en todos os procesos de decisión públicos, apoiando o aumento da súa taxa ocupación laboral en equilibrio cos homes, tanto dende o aspecto retributivo como dende a conciliación da vida familiar, persoal e laboral.
- Comprométese a traballar para lograr a igualdade real de oportunidades entre homes e mulleres e para erradicar calquera forma de discriminación.

Subscribindo esta declaración institucional no Pleno Municipal facemos un chamamento moi especial á participación de todas e de todos, da sociedade no seu conxunto para chegar á meta dun Ponte deume onde eumesas e eumeses consigan vivir na sociedade coa que todas e todos soñamos.

A continuación procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

### **1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTAS DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE 23.01.2024, SESIÓN ORDINARIA DE 30.01.2024 E SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE 07.02.2024**

A secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía – Presidencia que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

#### **LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES**

Expediente TEdC: 2024/G006/000046

Recibida polas persoas membro do Pleno, as copias dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE 23.01.2024**  
**SESIÓN ORDINARIA DE 30.01.2024**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE 07.02.2024**

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE 23.01.2024** (borrador asinado 02.02.2024)

**SESIÓN ORDINARIA DE 30.01.2024** (borrador asinado día 26.02.2024)

**SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE 07.02.2024** (borrador asinado día 26.02.2024)

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométense a votación por separado os borradores das actas.

Sométese a votación, o **borrador da acta da sesión extraordinaria urxente de día 23.01.2024 e o borrador da acta da sesión ordinaria de 30.01.2024**, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE 23.01.2024** (borrador asinado 02.02.2024)

**SESIÓN ORDINARIA DE 30.01.2024** (borrador asinado día 26.02.2024)

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sométese a votación o **borrador da acta da sesión extraordinaria urxente de 07.02.2024**, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; e dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro, e **UNHA ABSTENCIÓN** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), don Luis Pena Mosquera, por non estar presente na sesión que se somete a consideración, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE 07.02.2024** (borrador asinado día 26.02.2024)

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 2.- . MOCIÓN DO BNG: APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DOS COLECTIVOS FEMINISTAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 8-M

A Secretaria accidental indica que o grupo municipal do BNG, presentou dentro da orde do día a seguinte moción:

#### **Moción en apoio ás reivindicacións dos colectivos feministas con motivo da celebración do 8-M**

Toma a palabra o concelleiro portavoz do BNG don Luis Pena Mosquera, que indica que non eliminaron a moción da orde do día, porque hai uns puntos que seguramente algún grupo estaría en contra que se incluíse na declaración institucional e polo tanto; da lectura a moción presentada:

*“Cada 8 de marzo o movemento feminista internacional sae á rúa para reivindicar a igualdade de dereitos das mulleres conseguindo nos últimos anos desenvolver mobilizacións absolutamente históricas.*

*O apoio en Galiza a todas as mobilizacións feministas foi multitudinario, o que demostra a fortaleza do movemento feminista galego, por iso hoxe, desde aquí, desde o Concello de Ponte deume facemos un chamado a todas as veciñas e veciños para que este ano tamén se conten por miles as persoas que esiximos a construción dunha sociedade máis xusta e se sumen ás convocatorias que se farán en toda a comarca.*

*Somos conscientes de que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer. Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se pode perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes. Ademais, vivimos nos últimos meses acontecementos e indicadores preocupantes no ámbito do lecer, do deporte ou das condicións das traballadoras que dependen de contratas públicas.*

*Non só é necesario non dar un só paso atrás, senón que a Galiza que vén precisa pasos adiante para avanzar en igualdade, medidas que aborden a educación en igualdade nos e nas máis novas, medidas que supoñan avances nos dereitos laborais e na mellora dos recursos contra a violencia machista.*

*Ante a nova constitución do Parlamento Galego, é preciso sermos esixentes en materia de igualdade e esixir que as políticas públicas establezan o seu centro de gravidade nas reivindicacións do feminismo galego.*

*Polas que foron, polas que son e polas que serán. Para todas, todo.*

*Para o Concello de Ponte deume traballar a prol dos dereitos das mulleres debe ser un compromiso prioritario que atravesese todas as áreas e políticas do goberno e seguiremos traballando nesa liña para*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*conquistar a igualdade plena e aquí esta o BNG para reivindicar a necesidade de seguir loitando para avanzar da man do feminismo. Cando o feminismo avanza, ninguén queda atrás.*

*Por todo o exposto sometemos a debate e votación a proposta da adopción dos seguintes*

### ACORDOS

*1.- A través todas as canles ao alcance do Concello de Pontedeume apoiar, recoñecer e difundir as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2024 sinalan os compromisos pendentes e incumplidos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da crise de prezos, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.*

*2.- Esixir do novo goberno da Xunta estas medidas urxentes para avanzar en igualdade:*

*a. Apostar pola igualdade no ensino, recuperando a oferta da materia de Igualdade de xénero eliminada no curso 2023-24 para o vindeiro curso e apostando pola formación transversal do persoal educativo en materia de igualdade e para o respecto á diversidade afectiva sexual; estender e asegurar protocolos contra o acoso lgtbifóbico e a inclusión da diversidade sexual e de xénero nos programas docentes.*

*b. Impulso dunha auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por parte da Xunta de Galiza de cara a blindar o cumprimento dos convenios colectivos, eliminar a fenda salarial e mellorar as súas condicións de traballo, singularmente en ámbitos especialmente sensibles como o da limpeza.*

*c. Impulso dunha lei de igualdade no deporte na que se incorporen, entre outras medidas, a creación da Comisión Galega de Igualdade no Deporte para a protección das deportistas sobre os ataques machistas e lgtbifóbicos e que contará con potestade sancionadora; o Observatorio Galego da Igualdade no Deporte, protocolos específicos, plans de conciliación familiar e fomento da visibilidade do deporte feminino nos centros educativos e nos medios audiovisuais, en especial no que ten a ver coa CRTVG.*

*3.- Compromiso en firme de levar a pleno de forma inmediata para a súa aprobación o III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes (2022-2027)*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do PSdeG-PSOE**, para indicar que lles parece ben a moción, o único que debería recollese na moción o apoio a todas as convocatorias feministas e a todas as mulleres, non só as galegas como se indica no punto 1 dos acordos.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do PP**, para indicar que están de acordo coa moción en todos os seus aspectos, agás na parte onde fala de volver a incorporar a materia de igualdade de xénero como parte do currículo educativo, xa que esta materia existente dende o ano 2016, eliminouse neste curso 2023-2024 por falta de alumnado e é unha materia que se rexe polos mesmos principios que outras materias optativas e incide en que non está en contra da materia; e polo tanto exixir que se volva a poñer se non hai alumnos que a demanden non lles parece oportuno. Indica tamén que a propia materia xa se está dando de xeito transversal noutras materias.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro do BNG**, para indicar que non lle ve sentido a eliminar esa parte da moción, que se no 2016 se observou que había unha necesidade e na actualidade esa necesidade non está solucionada, que entende que se eliminou por unha cuestión económica, a de non ter que gastar en profesorado; que a baixa incidencia de alumnado non debe ser excusa para a súa eliminación, xa que se debería de promover para conseguir que pouco a pouco se faga atractivo, que as cousas non se fan nun día. Continúa dicindo que é fundamental incidir na educación para conseguir unha igualdade efectiva e real, que se pode facer transversalmente e tamén directamente cunha materia, que se promova e sexa de calidade.

Logo do debate, propónse modificar o punto 1 do acordo, para ampliar a moción a todos os grupos feministas e todos os grupos de mulleres; polo que quedaría redactado do seguinte xeito:

*1.- A través todas as canles ao alcance do Concello de Ponte deume apoiar, recoñecer e difundir as convocatorias do feminismo autoorganizado que neste 2024 sinalan os compromisos pendentes e incumplidos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da crise de prezos, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.*

Sen máis intervencións, sométese a votación a **proposta enmendada**, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal; e do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), don Luis Pena Mosquera; e **DÚAS ABSTENCIÓNS** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro, o **ACORDO** seguinte:

1.- A través todas as canles ao alcance do Concello de Ponte deume apoiar, recoñecer e difundir as convocatorias do feminismo autoorganizado que neste 2024 sinalan os compromisos pendentes e incumplidos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da crise de prezos, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación

2.- Esixir do novo goberno da Xunta estas medidas urxentes para avanzar en igualdade:





a. Apostar pola igualdade no ensino, recuperando a oferta da materia de Igualdade de xénero eliminada no curso 2023-24 para o vindeiro curso e apostando pola formación transversal do persoal educativo en materia de igualdade e para o respecto á diversidade afectiva sexual; estender e asegurar protocolos contra o acoso lgtbifóbico e a inclusión da diversidade sexual e de xénero nos programas docentes.

b. Impulso dunha auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por parte da Xunta de Galiza de cara a blindar o cumprimento dos convenios colectivos, eliminar a fenda salarial e mellorar as súas condicións de traballo, singularmente en ámbitos especialmente sensibles como o da limpeza.

c. Impulso dunha lei de igualdade no deporte na que se incorporen, entre outras medidas, a creación da Comisión Galega de Igualdade no Deporte para a protección das deportistas sobre os ataques machistas e lgtbifóbicos e que contará con potestade sancionadora; o Observatorio Galego da Igualdade no Deporte, protocolos específicos, plans de conciliación familiar e fomento da visibilidade do deporte feminino nos centros educativos e nos medios audiovisuais, en especial no que ten a ver coa CRTVG.

3.- Compromiso en firme de levar a pleno de forma inmediata para a súa aprobación o III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes (2022-2027)

Pide a palabra o concelleiro do BNG, don Luis Pena Mosquera, para solicitar que o Plan estratéxico se traia a Pleno para a súa aprobación a maior brevidade posible, porque sería boa imaxe para o Concello. Di que se hai algún problema de tramitación que se solucione canto antes.

Responde o Sr. Presidente, que é vontade de órgano de goberno que se aprobe canto antes, pero que o departamento que o ten que informar non tivo tempo de facelo debido a carga de traballo que ten; pero se reiterará a petición para poder traelo a pleno a maior brevidade posible.

### **3.- MOCIÓN DO PSdG-PSOE: EN PROL DA IGUALDADE REAL E EFECTIVA NO CONCELLO DE PONTEDEUME**

A Secretaria accidental indica que o grupo municipal do PSdG-PSOE, presentou dentro da orde do día a seguinte moción:

#### **Moción en pro da igualdade real e efectiva no Concello de Ponte deume**

Toma a palabra a concelleira portavoz do PSdG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro, que da lectura a moción presentada:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*“O Concello de Ponte deume ten asumido dende fai anos o traballo de facer da igualdade de xénero unha política transversal dende as distintas áreas municipais, formulando medidas concretas que así o evidencien e, polo tanto, apostando por acadar unha igualdade real e efectiva a cada paso máis próxima. A situación das mulleres eumesas en relación á igualdade de oportunidades ten cambiado nos últimos anos e, neste senso, a posta en práctica de medidas que consoliden o dereito á igualdade están a ser cruciais para acadar os obxectivos das reivindicacións das mulleres para avanzar na consecución desa igualdade REAL.*

*O sentido de unidade e compromiso ten que ser o garante para a consecución dese obxectivo xeral. Neste camiño, dende hai varios anos, tentamos lograr un Concello aberto á igualdade, á multiculturalidade, á diversidade; nunha palabra, á convivencia da cidadanía cívica e respectuosa.*

*Esta moción pretende ser o recoñecemento do valor da diversidade, así como a eliminación de calquera expresión de discriminación por razón de sexo, xénero, idade, grao de discapacidade, de raza, etnia, nacionalidade, cultura, lingua, crenza ou orientación sexual.*

*O papel desta Administración é facer que o obxectivo da igualdade presida e informe todas as políticas e procedementos impulsados en cada unha das áreas e servizos municipais. Para conseguir o obxectivo son necesarios cambios na xestión municipal, tanto na estrutura como nas “formas de facer”.*

*O Concello de Ponte deume propón un modelo de xestión transparente, aberta e socialmente responsable, incorporando a igualdade entre mulleres e homes como unha clave estratéxica máis na súa organización. A súa actividade orientada a conseguir un desenvolvemento social baseado na sustentabilidade e na calidade de vida local a través dunha xestión política eficiente.*

*A sensibilización da cidadanía constitúe unha das estratexias máis importantes das encamiñadas a promover a toma de conciencia de toda a poboación sobre os graves desequilibrios que por razón de xénero existen na nosa sociedade.*

*A presente moción pretende ser o punto de partida dun proceso no que prime a participación de amplos sectores da poboación: entidades sociais, persoas expertas, organizacións de mulleres, axentes sociais, consellos e mesas de participación cidadá. O fomento da participación tense sementado en cada área, cunha serie de accións que faciliten a participación do conxunto da sociedade no desenvolvemento, seguimento e avaliación do mesmo, a través dun proceso de consulta pública para que se poidan recibir aportacións, de forma que a política de igualdade municipal sexa construída entre todas e todos.*

*Aplicar transversalmente a perspectiva de xénero nas políticas públicas impulsadas dende o Concello é unha cuestión complexa pero imprescindible. Para acadalo é necesario contar co compromiso político explícito e concreto, así como co convencemento de que sen unha coordinación política e técnica, é imposible.*

*Partindo, en primeiro lugar, do feito de que non existe ningunha política neutra ao xénero e que, polo tanto, deben ser tidas en conta as diferentes expectativas, condicións, situacións sociais, económicas e políticas entre mulleres e homes. E, en segundo lugar, dada a proximidade desta Administración local á vida cotiá das mulleres e homes desta vila e na súa propia calidade de representación pública, a nosa obriga é a de*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*ofertar modelos de referencia igualitarios para a cidadanía. Para isto, o primeiro paso é conseguir que a propia Administración local pase a ser un modelo de boas prácticas dirixido a achegarse, progresivamente, á igualdade de oportunidades. Igualmente, o propio Concello de Ponte deume ten que fomentar o establecemento dunha cultura administrativa sensible as diferenzas de xénero que sirva de referencia tanto ás mulleres como aos homes que traballan nela.*

*Esta incorporación de boas prácticas terá que levarse a cabo mediante o impulso de medidas que doten de ferramentas ás persoas responsables da toma de decisións en canto ás liñas de traballo a seguir, así como da súa posta en marcha para levar a cabo as transformacións necesarias. Trátase de ir máis aló, non soamente por en marcha medidas puntuais, conxunturais e prácticas, senón que a perspectiva de xénero se instale nas formas de facer, se valore e incorpore como práctica no día a día de forma obrigatoria e non como unha excepción.*

*Para acadar esta forma de facer política pública municipal, asúmense coa aprobación da presente moción os seguintes obxectivos xerais e específicos:*

### OBXECTIVOS XERAIS

- ✓ *Incorporar o principio de igualdade entre mulleres e homes nas políticas municipais, tanto xerais como sectoriais.*
- ✓ *Integrar a transversalidade de xénero en todos os ámbitos da xestión municipal.*
- ✓ *Consolidar o compromiso do Concello de Ponte deume coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.*
- ✓ *Desenvolver os instrumentos necesarios para a integración da transversalidade de xénero na planificación, elaboración, execución e avaliación do conxunto das políticas públicas que impulse o Concello, como ferramenta básica para reducir a fenda da desigualdade, tendo en conta sempre as múltiples discriminacións que sofren as mulleres.*
- ✓ *Fomentar a coordinación e colaboración administrativa e intramunicipal no desenvolvemento da estratexia municipal da igualdade.*
- ✓ *Formar o persoal técnico, laboral e político, dotándoos das estratexias e ferramentas necesarias para desenvolver o seu labor baixo os principios inspiradores da igualdade real e efectiva, e integrar a perspectiva de xénero nas distintas áreas municipais.*
- ✓ *Destinar e distribuír recursos económicos ás distintas áreas municipais para avanzar en materia de igualdade de xénero mediante a posta en marcha duns orzamentos con perspectiva de xénero.*

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- ✓ *Sensibilizar a todo o persoal municipal sobre a necesidade de traballar baixo o principio da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante a incorporación da perspectiva de xénero nas políticas municipais.*
- ✓ *Formar o persoal municipal en diversidade sexual e de xénero, así como en dereitos e interpretación da normativa sobre diversidade, para adecuar a súa actividade á heteroxeneidade da realidade das persoas LGTBIQ+*
- ✓ *Garantir o uso non sexista e inclusivo da linguaxe e das imaxes en todas as áreas municipais, tanto na comunicación interna como na externa.*
- ✓ *Desenvolver un programa interno e externo que contribúa á corrección dos estereotipos de xénero.*
- ✓ *Formar o persoal tanto político como traballadoras e traballadores para capacitalas e capacitalos para o deseño de actuacións integrando o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres en materia de igualdade de xénero.*
- ✓ *Dotar dun instrumento válido de apoio que amose de forma práctica como integrar a perspectiva de xénero na programación e xestión das políticas municipais para acadar unha administración máis igualitaria*
- ✓ *Avanzar no proceso de integración da perspectiva de xénero no deseño dos orzamentos municipais.*
- ✓ *Realizar unha revisión do impacto en función do xénero das ordenanzas, plans e actos administrativos en xeral.*
- ✓ *Incluír contidos de materia de xénero no acceso, selección e promoción de persoal como requisito imprescindible para a provisión dos postos no Concello de Ponte deume.*
- ✓ *Incorporar criterios de igualdade nos diferentes decretos, pregos de subvencións nominativas, de contratacións, convenios ou normativa administrativa xerada polo Concello de Ponte deume.*
- ✓ *Valorar o compromiso coa igualdade das empresas contratadas e do seu persoal.*

### **ACCIÓNS CONCRETAS A LEVAR A CABO EN PRO DA IGUALDADE REAL E EFECTIVA NO CONCELLO DE PONTEDEUME:**

- *Elaboración dunha Guía para a comunicación igualitaria, que estableza diferentes mecanismos e estratexias de traballo que doten a todo o persoal desta administración de ferramentas útiles á hora de xestionar, planificar, decidir, orzamentar, comunicar, etc.; pois calquera desas accións ten un impacto final nas mulleres e nos homes eumeses. E que estableza un marco xeral no uso incluínte da linguaxe, as imaxes e as mensaxes que o Concello de Ponte deume transmite á veciñanza.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Realización de distintas xornadas, cursos e seminarios orientados á sensibilización de todo o persoal do Concello de Ponte deume, tanto técnico como político, para a incorporación da perspectiva de xénero en todas as áreas municipais.
- Establecemento en todas as comisións, grupos de traballo municipais, mesas de contratación etc., dun porcentaxe equilibrado e unha presenza equitativa de ambos sexos: non ter menos dun 40% nin máis dun 60% dun deles.
- Serán redactados e aprobados nos distintos expedientes administrativos criterios específicos e concretos en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes que rexerán as subvencións, convocatorias, seleccións de persoal ou participación en distintos órganos de representación do Concello de Ponte deume
- A redacción dos orzamentos municipais incluírá para a súa aprobación unha partida orzamentaria reservada para o impulso de distintas accións en pro da igualdade real e efectiva.
- Estudo e análise das distintas accións implementadas polo Concello ou as entidades que colabora, para garantir a utilización dunha linguaxe non sexista e inclusiva na documentación tanto interna como externa. Revisión tamén da utilización de imaxes sexistas e introdución doutras que reflectan realidades igualitarias.

Así mesmo, dende esta administración, á hora de establecer liñas de actuación en políticas de igualdade de oportunidades encamiñadas a mellorar as condicións de vida das eumesas, terase en conta como pilar fundamental de actuación o desenvolvemento de iniciativas educativas e sociais que favorezan a plena incorporación das mulleres a un estado de benestar social en condicións de igualdade respecto aos homes; así como programas que favorezan a inclusión social daquelas mulleres que se atopan en situacións de especial vulnerabilidade. Nesta área o equipo multidisciplinar de Servizos Sociais xoga un papel fundamental na promoción dos valores de igualdade.

### ACCIÓNES ESPECÍFICAS PARA ERRADICAR A VIOLENCIA DE XÉNERO EN PONTEDEUME

A violencia contra as mulleres, presente lamentablemente dende sempre na nosa sociedade, constitúe o máximo expoñente da desigualdade entre mulleres e homes.

Esta violencia ten as súas raíces no sistema patriarcal imperante na nosa sociedade, un sistema que posibilita que os homes dominen o espazo público e que exerzan tamén o seu poder no espazo privado, sobre todo na súa familia.

Esta violencia supón o máximo expoñente da desigualdade entre mulleres e homes, así como a vulneración dos dereitos humanos máis fundamentais: o dereito á vida; á liberdade; á seguridade; á saúde; a non ser sometidas, torturadas ou sufrir tratos crueis, inhumanos e/ou degradantes.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Para o Concello de Ponte deume garantir a seguridade das mulleres supón un obxectivo fundamental no que todas as Administracións públicas teñen que estar implicadas e coordinadas para que a loita sexa real e efectiva.*

*Con este fin recentemente se levaron a cabo accións concretas coa adhesión do Concello de Ponte deume ao "Protocolo de colaboración entre FCSE y Cuerpos de Policía Local para la protección de víctimas de violencia doméstica y de género" asinado pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e o Ministerio do Interior, que xa se atopa en funcionamento. Así como a incorporación do corpo da Policía Local de Ponte deume ao "SISTEMA OE SEGUIMIENTO INTEGRAL DE LOS CASOS DE VIOLENCIA DE GÉNERO" (SISTEMA VIOGÉN) e a creación da Mesa de coordinación interinstitucional contra á violencia de xénero do concello de Ponte deume que en breve reunirá aos seus compoñentes.*

*Pero, así mesmo, temos a responsabilidade de denunciar, previr e condenar as condutas agresivas e discriminatorias cara a todas as persoas, especialmente cara ás mulleres. Igualmente, como administración máis próxima á cidadanía, para seguir a traballar pola erradicación da violencia que sofren as mulleres no ámbito privado temos que manter e reforzar algunhas das actuacións xa existentes como poida ser o servizo de asesoramento xurídico á muller e, por outra parte, promover outros novos servizos e actuacións dirixidos a previr a orixe da violencia contra as mulleres, e asegurar o apoio necesario e a atención integral especializada ás vítimas da violencia de xénero.*

*Con este fin, se manifesta o total apoio ás accións de concienciación contra a violencia machista dirixidas a homes e promovidas polas entidades municipais ás cales o concello de Ponte deume dará colaboración efectiva co sentir común de erradicar a violencia de xénero na nosa vila*

### **EMPODERAMENTO, PARTICIPACIÓN EQUILIBRADA EN ESPAZOS DE TOMA DE DECISIONS E COOPERACIÓN INSTITUCIONAL E SOCIAL**

*É un feito contrastable que existe unha desigualdade estrutural entre mulleres e homes, baseada en factores socioculturais, que sitúa as mulleres en situacións, moitas veces, de especial vulnerabilidade e clara desvantaxe.*

*Ao longo da historia o papel das mulleres tense relegado ao ámbito do privado, do doméstico: realidade esta que as tivo limitadas e soportando situacións de discriminación en canto a oportunidades de desenvolvemento nos seus dereitos civís e democráticos. Mafía os avances e o esforzo realizado por moitas delas, a presenza das mulleres na vida social e política actual, así como os recursos económicos e sociais, dista moito de ser igualitaria. Este maior protagonismo que as mulleres están adquirindo nos últimos anos reclama, necesariamente, unha maior presenza nos espazos públicos, nos espazos de toma de decisións e de participación social e política.*

*En moitas áreas da vida e na nosa sociedade a separación de roles que as mulleres desempeñan a nivel público e privado segue a ser unhas das principais barreiras coas que se atopan á hora de acceder a postos de responsabilidade e participar activamente na política ou mesmo no mundo asociativo.*

*A participación política e social, e o asociacionismo, constitúen unha expresión de pluralismo e democracia.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*A participación das mulleres nos diferentes espazos públicos supón considerables beneficios para elas mesmas e para o conxunto da sociedade, ao transformar a perspectiva coa que se abordan as súas reivindicacións. Pero a realidade é que o nivel de participación das mulleres é inferior á dos homes.*

*Nos últimos anos a idea de empoderamento, entendido como a proceso que as mulleres emprenden para acadar a capacitación para controlar e decidir sobre as propias vidas, dentro e fóra do fogar, foi imprescindible para os movementos de mulleres. Entendendo o empoderamento como un sentimento de fortaleza interna e confianza para dirixir a propia vida, así como a capacidade de influír nos procesos sociais que afectan as mulleres, pero nunca entendido como unha forma de dominación sobre os outros.*

*Para acadar o obxectivo da erradicación das desigualdades entre xéneros, o concello de Ponte deume se compromete a realizar diferentes actuacións dirixidas a acadar o dito empoderamento das mulleres e fortalecemento da súa posición social, económica e política, co fin de eliminar as relacións de poder existentes aínda entre mulleres e homes, avanzando cara a unha vila na que, respectando as diferenzas, se garanta a igualdade de dereitos para toda a cidadanía.*

*A voz das mulleres, e especialmente das mulleres novas e das asociacións e entidades municipais, é de especial valor para o desenvolvemento da vida municipal e, como tal, temos que escoitala, apoiala e promovela. O poder ter voz e voto sobre as cuestións da vida pública do municipio é fundamental para tratar os problemas que realmente preocupan ás mulleres. Con esta participación referímonos ao asociacionismo, especialmente no desenvolvemento de asociacións de mulleres ou mesmo de promoción da igualdade.*

*Neste senso a maior presenza das mulleres en todos os ámbitos de representación social e política está a supor uns considerables beneficios tanto para ela mesma como para o conxunto da sociedade, ao transformar a perspectiva coa que abordan as súas reivindicacións. Pero para acadar o obxectivo da paridade política e social cómpre seguirmos impulsando cambios nesta liña, para así ser quen de consolidar os xa acadados promovendo unha representación equilibrada nos espazos de toma de decisións na política e na economía.*

Visto canto antecede, **PROPOÑO**

**PRIMEIRO.-** *Aprobar a relación de obxectivos e accións e medidas concretas que se recollen na parte expositiva da presente moción, comprometéndose o concello de Ponte deume a que a través dos respectivos servizos, órganos e concellerías ou órganos colexiados de composición política e técnica se poñan en marchas todas as accións indicadas en pro dunha igualdade real e efectiva no concello de Ponte deume.*

**SEGUNDO.-** *Dar traslado aos departamentos municipais co fin de ter en conta os obxectivos e accións aprobadas na tramitación dos distintos expedientes administrativos, aplicando o principio de igualdade real e efectiva entre homes e mulleres de xeito transversal na totalidade das políticas públicas municipais que implemente o concello de Ponte deume.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**TERCEIRO.-** Publicar a presente moción na páxina web municipal co fin de dar plena transparencia e incidir no principio de participación cidadá a través dos canais indicados, coa implicación expresa do asociacionismo veciñal e calquera canle de participación individual e colectiva que permita incidir entre todos no cumprimento dos obxectivos xerais e específicos aprobados”.

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a votación a **proposta**, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación de obxectivos e accións e medidas concretas que se recollen na parte expositiva da presente moción, comprometéndose o concello de Ponte deume a que a través dos respectivos servizos, órganos e concellerías ou órganos colexiados de composición política e técnica se poñan en marchas todas as accións indicadas en pro dunha igualdade real e efectiva no concello de Ponte deume.

**SEGUNDO.-** Dar traslado aos departamentos municipais co fin de ter en conta os obxectivos e accións aprobadas na tramitación dos distintos expedientes administrativos, aplicando o principio de igualdade real e efectiva entre homes e mulleres de xeito transversal na totalidade das políticas públicas municipais que implemente o concello de Ponte deume.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente moción na páxina web municipal co fin de dar plena transparencia e incidir no principio de participación cidadá a través dos canais indicados, coa implicación expresa do asociacionismo veciñal e calquera canle de participación individual e colectiva que permita incidir entre todos no cumprimento dos obxectivos xerais e específicos aprobados.

#### 4.- DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. EXECUCIÓN DO 3º E 4º TRIMESTRE DE 2023

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

##### “PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

##### REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 3º E 4º TRIMESTRE DE 2023)

(Expediente TEdC: 2023/Q001/000014-2024/Q001/000002- 2024/G006/000038)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.**- Dar conta do informe de Intervención de referencia 176/2023, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda", correspondente ao 3º Trimestre de 2023.

**SEGUNDO.**- Dar conta do informe de Intervención de referencia 42/2024, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda", correspondente ao 4º Trimestre de 2023."

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

### 5.- DACIÓN DE CONTA REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA TIPOS IMPOSITIVOS 2024

A Secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

#### "PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

#### REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA TIPOS IMPOSITIVOS 2024

(Expediente TEdC: 2024/X998/000014-2024/G006/000040)

Vista a obriga de remisión de información por medios electrónicos habilitados polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través da súa páxina web, e concretamente da oficina de información virtual coas entidades locais, referente á comunicación de tipos impositivos.

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.**- Dar conta do informe de Intervención de referencia 61/2024, de asunto: "Comunicación información Tipos impositivos 2024"

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

### 6.- ASUNTOS DE URXENCIA.

Non se presentaron asuntos de urxencia.

### 7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:



**“PROPOSTA DACIÓN DE CONTA****DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DO 21 DE DECEMBRO DO 2023 AO 24 DE XANEIRO DE 2024 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30 DE XANEIRO DE 2024**

Expediente TEdC: 2024/G006/000021

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **22/2024** de 25 de xaneiro ao **73/2024** de 23 de febreiro de 2024, ambos os dous incluídos, os seguintes:

<b>Expediente</b>	<b>Asunto</b>	<b>Decreto</b>	<b>Data sinatura</b>
2024/G003/000029	Renovación de tarxeta de estacionamento por caducidade	00022/2024	25-01-2024 11:15
2024/G003/000033	Solicitude tarxeta de estacionamento	00023/2024	25-01-2024 12:41
2024/G003/000030	Aprobación dos padróns do Servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, novembro 2023	00024/2024	25-01-2024 13:01
2024/G003/000038	Decreto convocatoria sesión ordinaria do Pleno da corporación de día 30 de xaneiro de 2024	00025/2024	25-01-2024 13:13
2024/G003/000017	Solicitude de inclusión posto de tesourería en concurso unitario, de FHN	00026/2024	27-01-2024 14:10
2024/G003/000034	Liquidación - factura 210230061 amarre de embarcación de protección civil	00027/2024	29-01-2024 09:45
2024/G003/000042	Documentación nómina mes xaneiro 2024.	00028/2024	29-01-2024 12:05
2024/G003/000035	Liquidación de tributos-pago seguros sociais mes decembro 2023.	00029/2024	29-01-2024 13:55
2024/G003/000031	Documentación nómina mes xaneiro 2024.	00030/2024	29-01-2024 14:00
2024/G003/000027	Documentación nómina mes xaneiro 2024.	00031/2024	29-01-2024 14:00
2024/G003/000044	Convocatoria prazas administrativo OEP 2019 Ponte deume	00032/2024	30-01-2024 11:38
2024/G003/000045	Solicitude subvención xestión de residuos	00033/2024	30-01-2024 12:02
2024/G003/000047	Tramitación de decretos establecemento de datas do curso de formación monitoras/monitores de actividades de	00034/2024	01-02-2024 10:26



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

<b>Expediente</b>	<b>Asunto</b>	<b>Decreto</b>	<b>Data sinatura</b>
	<i>tempo libre</i>		
2024/G003/000050	<i>Solicitud de renovación da tarxeta de estacionamento por deterioro. MMA</i>	00035/2024	01-02-2024 10:26
2024/G003/000048	<i>Solicitud subvención compra de libros para a biblioteca</i>	00036/2024	01-02-2024 10:26
2024/G003/000043	<i>Tesourería: solicita modificación de taxa no recibo de recollida de lixo do local sito en Canton 12 baixo</i>	00037/2024	01-02-2024 10:26
2024/G003/000026	<i>Solicitud subvención para dinamización da lectura</i>	00038/2024	01-02-2024 10:26
2024/G003/000046	<i>Tesourería - variacións padrón recollida de lixo para 2024</i>	00039/2024	01-02-2024 10:25
2024/G003/000006	<i>Tesourería: solicita a baixa dos recibos de recollida de lixo do local sito en Ver 2 baixo por carecer de actividade</i>	00040/2024	01-02-2024 10:25
2024/G003/000003	<i>Tesourería: paso do recibo de lixo ao seu nome dende o ano 2022 e regularización da cantidade</i>	00041/2024	01-02-2024 10:25
2024/G003/000005	<i>Tesourería: por cese de actividade empresarial o día 07/11/2022 en rúa Santiago 9 solicita a baixa do recibo de recollida de lixo do 1º semestre 2023</i>	00042/2024	01-02-2024 10:25
2024/G003/000004	<i>Tesourería: informa que o 30/10/2022 cesou a actividade de café bar sito en Avda do Torreón 1 baixo polo que se solicita a baixa do recibo de recollida de lixo do 1º semestre de 2023</i>	00043/2024	01-02-2024 10:25
2024/G003/000020	<i>Resolución listaxe definitiva auxiliares administrativos, grupo C2.</i>	00044/2024	02-02-2024 10:25
2024/G003/000049	<i>Solicitud subvención de igualdade da xunta de galicia: SI435Ae SI436A</i>	00045/2024	02-02-2024 11:45
2024/G003/000040	<i>Tesourería: listado de facturación dos aboados pertencentes ao concello de Ponte deume polos servizos de subministro de auga potable, saneamento e depuración, correspondente ao cuarto trimestre de 2023.</i>	00046/2024	02-02-2024 14:29
2024/G003/000051	<i>Tesourería: solicita a anulación da taxa de recollida de lixo a nome de BGDJ Herdeiros por non ser os titulares da vivenda</i>	00047/2024	02-02-2024 14:29
2024/G003/000054	<i>Sesión extraordinaria e urxente do Pleno de día 7 de febreiro de 2024</i>	00048/2024	05-02-2024 11:50



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

<b>Expediente</b>	<b>Asunto</b>	<b>Decreto</b>	<b>Data sinatura</b>
2024/G003/000055	Convocatoria extraordinaria de prazas na escola infantil municipal "Chalé Rosa", novembro 2023.	00049/2024	08-02-2024 09:32
2024/G003/000053	Tesourería: presenta alegacións a requirimento de embargo exp. 2020 exp. 35022850 por non ser titulares da vivenda relativos a taxa de recollida de lixo como herdeiros de AFM	00050/2024	08-02-2024 09:32
2024/G003/000037	Nomeamento secretaria accidental.	00051/2024	08-02-2024 14:41
2024/G003/000063	Delegación de alcaldía-presidencia do 13 ao 19 de febreiro (incluídos)	00052/2024	12-02-2024 13:10
2024/G003/000057	Elaboración de nóminas- contratación laboral temporal de dúas persoas como peón/peoa.	00053/2024	12-02-2024 13:10
2024/G003/000060	Solicitude subvención dotacións instalacións infraestruturas a concellos	00054/2024	12-02-2024 13:10
2024/G003/000064	Solicita tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida	00055/2024	15-02-2024 13:52
2024/G003/000067	Contratación laboral temporal de dous peóns acumulación de tarefas 6 meses no posto de peón.	00056/2024	15-02-2024 15:16
2024/G003/000066	Solicitude de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade - DNI 32****07S	00057/2024	15-02-2024 13:54
2024/G003/000068	Liquidación de tributos-declaración IRPF, modelo 111, xaneiro 2024	00058/2024	19-02-2024 10:30
2024/G003/000052	Solicitude subvención APROL rural 2024	00059/2024	19-02-2024 18:40
2024/G003/000072	Solicitude subvención RISGA	00060/2024	19-02-2024 18:42
2024/G003/000084	Decreto convocatoria sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente De Asuntos Económicos E Facenda de día 26-02-2024	00061/2024	21-02-2024 13:11
2024/G003/000083	Sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanentes De Estudio, Informe E Consulta Asuntos Xerais de Pleno de día 26.02.2024	00062/2024	21-02-2024 13:11
2024/G003/000077	Solicitude subvención AGADIC 2024	00063/2024	21-02-2024 14:05
2024/G003/000080	Liquidación orzamento 2023.-	00064/2024	21-02-2024 14:05
2024/G003/000088	Sesión ordinaria da Xunta De Goberno	00065/2024	21-02-2024



**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

<b>Expediente</b>	<b>Asunto</b>	<b>Decreto</b>	<b>Data sinatura</b>
	Local de día 22 de febreiro de 2024		15:07
2024/G003/000078	Solicitude de subvención para "Aparcamiento CEIP Andrade Pontedeume" . Bases reguladores e convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudables a través da creación ou rehabilitación de entornos saudables no marco do Plan De Recuperación, Transformación e Resiliencia, Da Federación Española de Municipios E Provincias (FEMP) a entidades locais pertencentes á Rede Española de Cidades Saudables (RECS). ( Nexgeneration EU)	00066/2024	21-02-2024 17:22
2024/G003/000069	Solicitude subvención compra de mobiliario para a biblioteca	00067/2024	22-02-2024 10:50
2024/G003/000076	Nomeamento funcionaria interina aux. Administrativa, JVL	00068/2024	22-02-2024 13:50
2024/G003/000091	Nomeamento accidental secretaria en favor de EMGR- nacc-2024-056	00069/2024	22-02-2024 18:06
2024/G003/000094	Modificación de crédito 1/2024. Incorporación de remanentes de crédito.-	00070/2024	23-02-2024 11:19
2024/G003/000085	Aprobación relación facturas F/2024/1	00071/2024	23-02-2024 11:19
2024/G003/000089	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, mes de decembro 2023	00072/2024	23-02-2024 12:11
2024/G003/000086	Actividades de emprendemento solicitudes participación curso monitorado de tempo libre	00073/2024	23-02-2024 12:11

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

**8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES,**

Non se presentaron mocións urxentes.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

#### 10.1.- ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

O grupo municipal do BNG non presentou para o pleno do mes de febreiro ningunha pregunta nin rogo por escrito, pero durante a sesión fai a seguinte pregunta.

**Pregunta BNG.**- Unha vez que se concede unha licenza de obra urbanística, cal é o procedemento que se segue para saber se as obras que se están executando son conformes á licenza outorgada, e dicir, ao proxecto presentado.

**Resposta do Goberno.**- Responde don Daniel Ríos Fernández, concelleiro da área de infraestruturas e urbanismo, indicando que a conformidade das obras co licenza outorgada, verificase no momento en que se pide a licenza de primeira ocupación, que hai unha inspección polo técnico de urbanismo na propia obra.

#### 10.2 ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP)

O Partido Popular (PP) presenta para o Pleno do mes de febreiro as seguintes preguntas.

**ANDRADE. Pregunta 1.**- Na zona de Andrade nos comentan que están teniendo problemas con las ratas y que lo hacen saber al Ayuntamiento.

No sabemos si tienen constancia de este problema per si es así, ¿tienen previsto una desratización en esa zona)

**Resposta do Goberno.**- O Concello ten constancia deste problema e de feito xa se procedeu a unha desratización na zona, realizada por unha empresa especializada que, segundo nos trasladan os seus técnicos, debe seguir facendo un control da zona durante os vindeiros meses para ver a súa evolución e comprobar a total eliminación desta problemática.

**PISCINA MUNICIPAL. Pregunta 2.** ¿Cuáles fueron las máquinas que se compraron recientemente para el gimnasio y cuál fue su coste

**Resposta do Goberno.**- Non se realizou a compra de ningunha máquina para a piscina Municipal. A resposta dada no pleno anterior foi "a Piscina Municipal conta, dende hai uns meses, con novas máquinas na súa instalación", instaladas pola empresa concesionaria, polo que o custe para o concello foi de 0 euros.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**ALUMBRADO Y DECORACIÓN DE NAVIDAD.- Pregunta 3.** En el pleno anteiro se ha preguntado por las empresas que ejecutaron tanto el alimbrado como la decoración navideña y solo constetaron cuáles fueron las empresas... les volvemos a preguntar... ¿Cuál fue el coste total del alumbrado y de la decoración?

**Resposta do Goberno.-** O custe de ámbolos dous conceptos foi de 29.900€ + IVE. .

**SANEMANENTO EN BER. Pregunta 4.** ¿Por qué quedaron los edificios Edf Las Hortensias, Edf. Montemar, Edf. Anduriña sin conectar a la red de alcantarillado nuevo y que solución se les va a dar?

**Resposta do Goberno.-** Despois das xestións realizadas por este goberno e unha vez postos a disposición os terreos necesarios para acometer os traballos, as obras que citan corresponden a unha actuación na que o responsable do contrato, proxecto, licitación e polo tanto execución das obras é o ente Aguas de Galicia, dependente da Xunta de Galicia.

Segundo nos comunicaron recentemente, unha parte dos edificios non quedaban conectados ao colector novo, estando actualmente en conversas con propietarios e persoal de Augas de Galicia de cara a solventar dita situación.

O Partido Popular (PP) presenta para o Pleno do mes de febreiro os seguintes rogos:

\*Rogamos se arregle la avenida de Lombardero



\*Rogamos se arregle la plaza del Conde



\*Rogamos se arregle la Avenida de Raxoi





\*Rogamos se arregle la Corredoira de las Virtudes



\*Rogamos solucionen los continuos hundimientos en la carretera de aldea Centroña a la altura del mirador de Centroña.



## REMATE DA SESIÓN







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e vinte e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

### DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 25.04.2024, segundo o borrador asinado o día 01.04.2024. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

